



Grupo Municipal
RIBEIRA

D. Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta as seguintes **preguntas** diante do Alcalde, do Grupo de Goberno e do Pleno da Corporación Municipal en relación ca deficiente cobertura da TV no concello de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Son coñecidas as deficiencias na recepción da TV analóxica que diversas zonas do concello de Ribeira padecen desde hai moitos anos, nomeadamente amplas zonas das Parroquias de Oleiros, Artes, Olveira e mesmo do centro urbano. O BNG ten reclamado diante do Pleno da Corporación a corrección destas deficiencias mediante diferentes iniciativas como a presentada en Marzo de 2005 que fora aprobada por unanimidade. Tamén no mes de maio de 2006 presentamos unha iniciativa solicitando información sobre as xestións realizadas sobre a cuestión da cobertura da TV que non foi respostada. Co paso do tempo mantense a cobertura da TV practicamente na mesma situación de deficiencia segundo teñen manifestado moitos veciños e veciñas das diferentes zonas e parroquias mencionadas.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG solicita do Goberno Municipal a resposta por escrito ás seguintes

PREGUNTAS:

- 1.- Tense encargado por parte do Goberno Municipal algún estudo de cobertura da TV tanto analóxica como dixital no ámbito do noso concello?
- 2.- En que ámbito de goberno (Alcaldía, Xunta de Goberno...) se tomou a decisión de realizar o estudo e a que empresa foi encargado?
- 3.- No caso de que as respostas anteriores foran positivas, conta ou ten solicitada o Goberno Municipal algún tipo de axuda económica doutras administracións para a realización do estudo e, caso de estar rematado, que conclusións se derivan do mesmo?

Ribeira, 8 de xaneiro de 2008

Asdo: Xosé Luís Groveiro González

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA